



**Federación
Galega de
Agility**

RÉXIME DISCIPLINARIO DA FEDERACIÓN GALEGA DE AGILITY (FGA)

*Separata do Capítulo XI do Regulamento de Réxime Interno da FGA
Aprobado o 17 de setembro de 2011*

PRESENTACIÓN:

Este documento constitúe unha *separata* do Regulamento de Réxime Interno da Federación Galega de Agility (FGA), e elaborase a efectos divulgativos entre os asociados da FGA e competidores da Liga Ibérica de Agility (LIA).

REXIME DISCIPLINARIO (Capítulo XI do Regulamento de Réxime Interno da FGA)

Artigo 53.

Establécese o presente Réxime Disciplinario co ánimo de conseguir un funcionamento da federación acorde co que o nome representa e co fin de preservar os dereitos e obrigas dos seus asociados e federados.

O réxime disciplinario recollido neste Regulamento de Réxime interno determina as infraccións e sancións que se han de aplicar a consecuencia da vulneración das regras do xogo ou de competición, das normas xerais da conduta deportiva ou das normas de conduta asociativa.

O presente Réxime Disciplinario, será de aplicación a todos os compoñentes da Federación: clubs ou asociacións, deportistas, adestradores ou técnicos deportivos e xuíces.

Os membros da Xunta Directiva da FGA en xeral, e os das Xuntas Directivas das asociacións que constitúen a Federación en particular, porán especial coidado na prevención das actuacións disciplinarias presentes neste Regulamento de Réxime Interior mediante o contacto e colaboración constante.

Sen prexuízo de accións posteriores, os presidentes das asociacións que compoñen a Federación Galega de Agility están facultados para adoptar as medidas que consideren pertinentes para manter a orde dentro das súas asociacións, comunicando posteriormente toda decisión adoptada á Xunta Directiva da Federación Galega de Agility.

Artigo 54. Tipos de infraccións

1. Enténdese por **infraccións das regras do xogo ou da competición** para os efectos deste Regulamento as accións ou omisións que durante o curso do xogo ou da competición vulneren, impidan ou perturben o seu normal desenvolvemento.
2. Son **infraccións das normas xerais de conduta deportiva** as accións ou omisións que supoñan un quebrantamento por parte de calquera das persoas suxeitas ó ámbito de aplicación deste regulamento de calquera norma de aplicación no deporte non incluída no apartado anterior ou dos principios xerais da conduta deportiva.
3. Independentemente do anterior, considéranse expresamente comprendidos no ámbito do réxime disciplinario os acordos ou actos adoptados ou realizados polos órganos de goberno da federación e polas asociacións ou clubs que a constitúen, que supoñan vulneración das normas ou dos acordos de aplicación ou infracción do disposto nos Estatutos, nos Regulamentos ou nas súas normas e procedementos de desenvolvemento.

Artigo 55. Potestade disciplinaria

1. Enténdese por potestade disciplinaria a facultade de investigar e, se é o caso, impoñerlles sancións aos suxeitos que interveñan na organización deportiva con ocasión de infraccións das regras de xogo ou competición e das normas xerais deportivas.
2. O exercicio da potestade disciplinaria deportiva corresponderalles:

- a) Aos xuíces, durante o desenvolvemento das probas, con suxeición ás regras establecidas no Regulamento de Competición.
 - b) Aos clubs deportivos e ás asociacións deportivas, sobre os seus socios ou asociados, deportistas, técnicos, directivos e administradores, de acordo co establecido nos seus estatutos. A estes efectos, as asociacións ou clubs asociados á Federación Galega de Agility disporán dun sistema de infraccións e sancións. En caso de ausencia de tal regulación seralles aplicable o recollido neste Regulamento de Réxime interno da Federación Galega de Agility.
 - c) Á Federación Galega de Agility, sobre tódalas persoas que forman parte da súa estrutura orgánica, comprendéndose para estes efectos os clubs e asociacións e os seus deportistas, técnicos e directivos, os xuíces e, en xeral, todas aquelas persoas e entidades que, en condición de federados, desenvolvan o Agility en probas do calendario oficial da Federación Galega de Agility, na Liga Ibérica de Agility, ou noutras probas competitivas ou non competitivas organizadas pola Federación Galega de Agility.
3. A postestade disciplinaria que corresponde á Federación Galega de Agility exerceraa un Comité de Disciplina nomeado pola Xunta Directiva da Federación Galega de Agility e constituído polo Presidente da Federación Galega de Agility, un técnico deportivo, un deportista e un xuíz, todos eles con licenza federativa vixente. Tamén formará parte do Comité o Secretario da Federación Galega de Agility que exercerá as funcións de secretaría e que poderá tamén participar con voz pero sen voto. Será tamén unha competencia da Secretaría, levar ao día un rexistro das sancións impostas, aos efectos, entre outros, da posible apreciación de circunstancias modificativas da responsabilidade e do cómputo dos termos de prescrición tanto de infraccións como de sancións.

Artigo 56. Tipificacións das infraccións

1. Consideraranse **infraccións moi graves**:

- a) As agresións verbais ou físicas, os comportamentos e as actitudes e os xestos agresivos e antideportivos ou as coaccións exercidas polos deportistas, ao xuíz, a outros deportistas, aos adestradores ou técnicos deportivos, aos directivos, aos organizadores ou ao público.
- b) Os actos graves de crueldade, malos tratos e agresións verbais ao can propio ou a outros cans.
- c) As actuacións dirixidas a predeterminar, mediante prezo, intimidación ou simple acordo ou decisión, o resultado dunha proba ou competición.
- d) Os abusos de autoridade e a usurpación de atribucións.
- e) Os actos dirixidos a predeterminar ou alterar os resultados das eleccións dos cargos de representación, directivos ou deportivos da Federación Galega de Agility, e en xeral todos os actos dirixidos a impedir ou alterar o desenvolvemento dos procesos democráticos da Federación ou dos clubs.
- f) A violación de segredos de feitos que se coñezan por razón de cargo.
- g) Os actos de rebeldía contra os acordos acadados pola Federación Galega de Agility ou outras organizacións.
- h) A desobediencia manifesta ás ordes e instrucións dos xuíces, técnicos deportivos ou directivos
- i) A participación indebida nunha proba.
- k) A manipulación ou alteración, xa sexa persoalmente ou a través de persoa interposta, do material ou equipamento deportivo en contra das correspondentes regras técnicas cando poidan alterar a seguridade da proba ou competición ou poñan en perigo a integridade das persoas ou dos cans.
- l) A utilización, a incitación ou o fomento do uso de substancias ou fármacos prohibidos destinados a aumentar a capacidade física do deportista ou do can.
- m) A federación indebida por alteración ou manipulación de datos de deportistas ou de cans
- n) A non realización das probas obrigadas por calendario por parte dos clubs así como a non comparecencia ou a retirada inxustificada das probas, dos encontros ou das competicións dos clubs ou dos deportistas ou xuíces.

- o) A organización de probas ou competicións realizadas en nome da Federación Galega de Agility e non autorizadas pola dita Federación.
 - p) A non execución das resolucións da Federación Galega de Agility.
 - q) O incumprimento de acordos da Asemblea Xeral e dos regulamentos federativos.
 - r) A non convocatoria dos órganos de goberno da federación ou clubs asociados nos prazos e nas condicións legais.
 - s) A incorrecta utilización dos fondos privados ou das subvencións, créditos, avais e demais axudas de carácter público concedidas á Federación Galega de Agility ou as concedidas pola Federación Galega de Agility aos seus asociados ou aos deportistas federados.
 - t) O incumprimento dos convenios ou acordos subscritos coa Federación Galega de Agility.
 - u) O incumprimento dunha sanción por infracción grave.
 - v) A reiteración de faltas graves.
2. Consideraranse **infraccións graves**:
- a) As infraccións ás que se refire o punto a) das infraccións moi graves, se supoñen unha gravidade menor, tendo en conta o medio empregado.
 - b) O incumprimento de ordes e instrucións emanadas dos órganos deportivos ou administrativos competentes.
 - c) A actuación de forma pública e notoria contra a dignidade e o decoro propios da actividade deportiva.
 - d) A actitude pasiva no cumprimento das obrigas de previr a violencia nos espectáculos públicos e de loitar contra a investigación e o descubrimento da identidade dos responsables dos actos violentos contra as persoas ou os cans.
 - e) Os actos que supoñan a paralización ou retraso no desenvolvemento normal dunha proba de maneira inxustificada.
 - f) O incumprimento das regras de administración e xestión do orzamento e patrimonio.
 - g) A comisión por negligencia das infraccións tipificadas polos puntos p), q) e r) do apartado de faltas moi graves.
 - h) O incumprimento dunha sanción por infracción leve.
 - i) A reiteración de faltas leves.
3. Consideraranse **infraccións leves**:
- a) As condutas contrarias ás normas deportivas que non estean incursas na cualificación de moi graves ou graves.
 - b) A incorrección co público, os compañeiros, os subordinados e cos cans.
 - c) A adopción dunha actitude pasiva no cumprimento das ordes e instrucións recibidas de xuíces e das autoridades deportivas da Federación no exercicio das súas funcións.
 - d) O incumprimento por parte do club organizador, da norma relativa ao acceso ao podio dos participantes que non obtiveran a cualificación mínima.

Artigo 57. Sancións

Como consecuencia das infraccións tipificadas pódense impoñerse as seguintes sancións:

- a) Apercibimento.
- b) Amoestación pública, suspensión ou inhabilitación temporal.
- c) Privación definitiva ou temporal dos dereitos de asociado.
- d) Privación da licenza federativa.
- e) Inhabilitación a perpetuidade.
- f) Multa.
- g) Perda ou descalificación na proba.
- h) Perda de puntos ou de lugar na clasificación.
- i) Perda ou descenso de grao.

1. Pola comisión de **infraccións moi graves** imponse as seguintes **sancións**:

- a) Inhabilitación a perpetuidade.
- b) Privación definitiva da licenza federativa.
- c) Privación definitiva dos dereitos de asociado.
- d) Suspensión da licenza ou inhabilitación temporal por un período de un a catro anos ou, se é o caso, por un período de unha a catro tempadas.
- e) Privación do dereito de asociado por un período de un a catro anos.
- f) Multa en contía non superior a 1200 euros.
- g) Perda ou descalificación na proba.
- h) Perda de puntos ou postos de clasificación.
- i) Perda de ascenso de grao.
- k) Suspensión ou privación da licenza federativa ou da habilitación para ocupar cargos na federación ou na asociación por un prazo máximo de cinco anos.
- l) Suspensión ou privación da licenza federativa ou da habilitación para ocupar cargos na federación ou na asociación a perpetuidade. Esta sanción só se poderá acordar, de modo excepcional, pola reincidencia en infraccións de extrema gravidade.
- m) Inhabilitación por un período de dous a catro anos, cando as infraccións fosen cometidas por directivos.
- n) Destitución do cargo, cando as infraccións fosen cometidas polos directivos.

2. Pola comisión de **infraccións graves** imponse as seguintes **sancións**:

- a) Amoestación pública.
- b) A suspensión da licenza ou habilitación equivalente e inhabilitación temporal para ocupar cargos por un período de un mes a un ano, ou se é o caso, de cinco probas nunha tempada.
- c) A perda ou descalificación na proba
- c) A privación dos dereitos de asociado por un período de un mes a un ano.
- d) Multa en contía non superior a 600 euros.

3. Pola comisión de **infraccións leves** imponse as seguintes **sancións**:

- a) Apercibimento.
- b) Amoestación pública.
- c) Suspensión ou privación da licenza federativa ou habilitación equivalente e inhabilitación para ocupar cargos de ata un mes.
- d) Multa en contía non superior a 300 euros.

Artigo 58.

1. Serán consideradas como circunstancias atenuantes:
 - a) O arrepentimento espontáneo.
 - b) A provocación suficiente inmediatamente anterior á comisión da infracción.
 - c) Non ter sido sancionado con anterioridade no transcurso da vida deportiva.
2. Serán consideradas como circunstancias agravantes da responsabilidade a reincidencia, o prezo e o prexuízo económico ocasionado. Existirá reincidencia cando o autor houbera sido sancionado anteriormente por calquera infracción á disciplina deportiva de igual ou maior gravidade, o por dúas infraccións ou máis de inferior gravidade da que este suposto se trate. A reincidencia entenderase producida no transcurso de dous anos contados a partir do momento no que se cometa a infracción.
3. Os órganos sancionadores poderán, no exercicio da súa función, aplicar a sanción no grao que consideren adecuado, tendo en conta a natureza dos feitos, a personalidade do responsable, as consecuencias da infracción e a concorrencia de circunstancias atenuantes ou agravantes.

Artigo 59.

1. A responsabilidade disciplinaria extínguese:
 - a) Polo cumprimento da sanción.
 - b) Polo falecemento do inculpado.
 - c) Por disolución do club sancionado.
 - d) Por prescrición das infraccións ou sancións.
2. As infraccións leves prescribirán ao mes, as graves ao ano e as moi graves aos tres anos.

Artigo 60.

1. O termo de prescrición da infracción comeza a contar o día no que se cometeron os feitos e interrómpeuse no momento no que se acorda iniciar o procedemento sancionador, pero volve correr se o expediente permanecese paralizado durante un mes por causa non imputable ao infractor.
2. As sancións prescribirán aos tres anos, ao ano ou ao mes, segundo se trate das que correspondan a infraccións moi graves, graves ou leves, e o prazo de prescrición comeza a contar desde o día seguinte a aquel no que adquira firmeza a resolución pola cal se impuxo ou desde que se quebrantase o seu cumprimento, se este xa comezou.

Artigo 61.

1. Para impoñer sancións por calquera tipo de infracción será preceptiva a instrución dun expediente de acordo co procedemento establecido ao efecto, no que necesariamente se lle dará audiencia ao interesado e se indicarán os prazos para as alegacións. A resolución debe ser notificada ao interesado con indicación expresa dos recursos que procedan e se se esgota ou non na vía federativa.
2. En todo caso as normas de procedemento deberán garantir o normal desenvolvemento da proba ou da competición e deberanse interpretar e aplicar en tal sentido.
3. Non poderá impoñerse sanción algunha por accións ou omisións non tipificadas como infracción, no momento de producirse, polas disposicións vixentes nese momento; nin tampouco poderán impoñerse correctivos que no estean establecidos por norma anterior á perpetración da falta cometida.
4. A imposición de sancións accesorias á sanción principal, non ten o carácter de dobre sanción. Tampouco poderá impoñerse unha dobre sanción polos mesmos feitos. Deberá, así mesmo, garantirse a aplicación dos efectos retroactivos favorables.
5. O réxime disciplinario é independente da responsabilidade civil ou penal, así como o réxime derivado das relacións laborais, que se rexerá pola lexislación que en cada caso corresponda.

PRODEDEMENTO DISCIPLINARIO

Artigo 62.

Como principio fundamental establécese que unicamente poderán imporse sancións en virtude dun expediente instruído ao efecto de acordo cos procedementos regulados no presente capítulo.

Artigo 63.

Son condicións xerais e mínimas dos procedementos disciplinarios deportivos:

1. Os xuíces exercen a potestade disciplinaria durante o desenvolvemento das probas, de forma inmediata, polo que se prevé un adecuado sistema posterior de reclamación neste Regulamento.
2. En relación coas probas ou competicións deportivas cuxa natureza requira a intervención inmediata dos órganos disciplinarios deportivos para garantir o normal desenvolvemento das mesmas no presente capítulo establécese os sistemas procedimentais necesarios para conxugar a actuación perentoria daqueles órganos co trámite de audiencia e o dereito a reclamación dos interesados.

En calquera caso, o presunto infractor terá dereito a coñecer, antes de que caduque devandito trámite, a acusación contra el formulada, así como a efectuar as oportunas alegacións á proposición de probas.

Artigo 64.

1. As actas dos xuíces da proba ou competición constituirán medio documental necesario no conxunto da proba das infraccións ás regras e normas deportivas. Igual natureza terán as ampliacións ou aclaracións ás mesmas realizadas polos propios xuíces, ben de oficio, ben a solicitude dos órganos disciplinarios.
3. No entanto, os feitos relevantes para o procedemento e a súa resolución poderán acreditarse por calquera medio de proba, podendo os interesados propor que se practiquen calquera probas ou aportar directamente cantas sexan de interese para a correcta resolución do expediente.
4. Na apreciación das faltas referentes á disciplina deportiva, as declaracións dos xuíces presumiranse certas, salvo erro material manifesto ou proba en contrario.

Artigo 65.

1. Os órganos disciplinarios deportivos competentes deberán, de oficio ou a instancia do instrutor do expediente, comunicar ao Ministerio fiscal aquelas infraccións que puidesen revestir caracteres de delito ou falta penal.
2. En tal caso os órganos disciplinarios deportivos acordarán a suspensión do procedemento segundo as circunstancias concorrentes, ata que recaia a correspondente resolución xudicial.

En cada suposto concreto os órganos disciplinarios valorarán as circunstancias que concorran no mesmo, a fin de acordar motivadamente a suspensión ou a continuación do expediente disciplinario deportivo ata a súa resolución e imposición de sancións, se procedese.

3. No caso de que se acordase a suspensión do procedemento poderán adoptarse medidas cautelares mediante providencia notificada a todas as partes interesadas.

Artigo 66. Procedemento ordinario

1. O procedemento ordinario é aplicable para a imposición de sancións por infracción das regras da competición e asegura o normal desenvolvemento da competición, así como o trámite de audiencia dos interesados e o dereito a recurso.
2. Os deportistas participantes, xefes de equipo e directivos federativos, así como os membros oficiais en relación coa proba en que actúen como tales, poderán formular reclamación con referencia a calquera asunto relacionado coa preparación e desenvolvemento da proba, ante o xuíz da devandita proba.
3. As reclamacións formuladas ante o xuíz da proba deberán presentarse dentro dos seguintes prazos:
 - a) Contra a participación de deportistas ou cans: ata media hora antes da sinalada para o comezo da proba.
 - b) Contra o percorrido ou obstáculos: Inmediatamente despois do recoñecemento do mesmo e antes do comezo da proba.
 - c) As relativas a irregularidades ou incidentes ocorridos durante o percorrido: tan axiña como sexa posible e como máximo media hora despois do anuncio dos resultados provisionais da proba.
 - d) As que se refiran a clasificacións: Dentro da media hora seguinte á publicación ou anuncio dos resultados provisionais.
4. As reclamacións ás que se refiren o apartado anterior intentarán resolverse inicialmente pola vía conciliadora comunicando verbalmente ao xuíz os feitos que se consideren obxecto de reclamación. As

reclamacións de carácter verbal formuladas no transcurso dunha proba deberán ser resoltas de xeito inmediato polo xuíz e as súas resolucións comunicadas ao reclamante, tamén de xeito inmediato. Estas incidencias deberán ser recollidas na “Acta da Proba” facendo constar o obxecto da reclamación e a decisión adoptada.

5. De non chegar a un acordo co xuíz, porque este non estime pertinente a queixa, poderase formalizar posteriormente por escrito dirixido á Federación Galega de Agility no prazo de 72 horas que empezan a contar ao día seguinte da proba.
6. Toda reclamación deberá ir acompañada do depósito dunha fianza por ingreso bancario de 20 euros.
7. Todas as resolucións ditadas polo xuíz deberán ser remitidas, nun prazo de cinco días ao Comité de Disciplina da Federación Galega de Agility, xunto cos escritos de reclamación primarios, e acompañado todo iso dun informe do Secretario da FGA. Contra estas resolucións poderase recorrer ante o dito Comité no prazo establecido no artigo 68 do presente Regulamento.
8. O recurso contra a devandita resolución deberá ir acompañado do depósito de nova fianza, remitida por ingreso bancario de 30 euros, e con independencia da depositada coa reclamación inicial. Tanto no suposto da fianza para a reclamación inicial, como, no seu caso, a que acompaña o recurso, ambas serán devoltas nos casos seguintes:
 - a) Cando se estime a reclamación inicial formulada. En caso de estimarse o recurso, serán devoltas ambas.
 - b) Facultativamente, polo órgano disciplinario deportivo que dita a resolución, se a reclamación se desestima e devandito órgano non aprecia temeridade ou intencionalidade antideportiva na súa formulación.

As fianzas non devoltas quedarán a disposición da Federación Galega de Agility.

Artigo 67. Procedemento extraordinario

1. O procedemento extraordinario tramitarase para as sancións correspondentes ás infraccións ás normas deportivas ou asociativas xerais e axustaranse aos principios e regras da lexislación xeral.
2. O procedemento iniciarase por providencia do Comité de Disciplina da Federación Galega de Agility de oficio, a solicitude do interesado, a instancia do xuíz dunha proba, ou a requirimento da Administración Pública.

A incoación de oficio poderase producir por iniciativa do propio órgano ou en virtude de denuncia motivada.

Para ese efecto, ao ter coñecemento sobre unha suposta infracción das normas deportivas ou asociativas, o órgano competente para incoar o expediente poderá acordar a instrución dunha información reservada antes de ditar a providencia en que se decida a incoación do expediente ou, no seu caso, o arquivo das actuacións, que deberá ser motivado.
3. A providencia que inicie o expediente disciplinario conterá o nomeamento de instrutor, que deberá ser licenciado en Dereito, a cuxo cargo correrá a tramitación do mesmo.
4. Nos casos en que se estime oportuno, a providencia que inicie o expediente disciplinario conterá tamén o nomeamento dun secretario que asista ao instrutor na tramitación do expediente.

A providencia de incoación se inscribirá nos rexistros establecidos conforme ao previsto no artigo 55 deste Regulamento.

5. Ao instrutor, e no seu caso ao secretario, sonlles de aplicación as causas de abstención e recusación previstas na lexislación do Estado para o procedemento administrativo común.

O dereito de recusación poderá exercerse polos interesados no prazo de tres días hábiles, a contar desde o seguinte ao que teñan coñecemento da correspondente providencia de nomeamento, ante o mesmo órgano que a ditou, quen deberá resolver no termo de tres días.

Contra as resolucións adoptadas non se dará recurso, sen perxuízo da posibilidade de alegar a recusación ao interpor o recurso administrativo ou xurisdiccional, segundo proceda, contra o acto que poña fin ao procedemento.

6. Iniciado o procedemento e suxeitos ao principio de proporcionalidade, o órgano competente para a súa incoación poderá adoptar as medidas provisionais que estime oportunas para asegurar a eficacia da resolución que puidese recaer. A adopción de medidas provisionais poderá producirse en calquera momento do procedemento, ben de oficio ben por moción razoada do instrutor. O acordo de adopción deberá ser debidamente motivado.

Non se poderán ditar medidas provisionais que poidan causar perxuízos irreparables.

7. O instrutor ordenará a práctica de cantas dilixencias sexan adecuadas para a determinación e comprobación dos feitos así como para a fixación das infraccións susceptibles de sanción.

8. Os feitos relevantes para o procedemento poderán acreditarse por calquera medio de proba, unha vez que o instrutor decida a apertura da fase probatoria, a cal terá unha duración non superior a quince días hábiles nin inferior a cinco, comunicando aos interesados con suficiente antelación o lugar e momento da practica das probas.

Os interesados poderán propor, en calquera momento anterior ao comezo da fase probatoria, a practica de calquera proba ou aportar directamente as que resulten de interese para a adecuada e correcta resolución do expediente.

Contra a denegación expresa ou tácita da proba proposta polos interesados, estes poderán expor reclamación, no prazo de tres días hábiles, ante o órgano competente para resolver o expediente, quen deberá pronunciarse no termo de outros tres días.

En ningún caso, a interposición da reclamación paralizará a tramitación do expediente.

9. Os órganos disciplinarios da Federación Galega de Agility poderán de oficio ou a solicitude do interesado, acordar a acumulación de expedientes cando se produzan as circunstancias de identidade ou analogía razoable e suficiente, de carácter subxectivo ou obxectivo, que fixesen aconsellable a tramitación e resolución únicas. A providencia de acumulación será comunicada aos interesados no procedemento.

10. Á vista das actuacións practicadas, e nun prazo non superior a un mes contando a partir da iniciación do procedemento, o instrutor propondrá o sobresemento ou formulase o correspondente prego de cargos comprendendo no mesmo os feitos imputados, as circunstancias concorrentes e as supostas infraccións así como as sancións que puidesen ser de aplicación. O instrutor poderá, por causas xustificadas, solicitar a ampliación do prazo referido ao órgano competente para resolver.

No prego de cargos, o instrutor presentará unha proposta de resolución que será notificada aos interesados para que no prazo de dez días hábiles, manifesten cantas alegacións consideren oportunas en defensa dos seus dereitos ou intereses. Así mesmo, no prego de cargos, o instrutor deberá propor o mantemento ou levantamento das medidas provisionais que, no caso, se adoptarán.

Transcorrido o prazo sinalado no parágrafo anterior, o instrutor, sen máis tramite, elevará o expediente ao órgano competente para resolver, ao que se unirán, no seu caso, as alegacións presentadas.

11. A resolución do órgano competente pon fin ao expediente disciplinario e haberá de ditarse no prazo máximo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte ao da elevación do expediente polo instrutor.

A devandita resolución deberá expresar a tipificación do feito que se sanciona, con cita do precepto violado e expresión do recurso que cabe interpor, indicando cal é o órgano a quen corresponde dirixir o e do prazo establecido para iso.

Artigo 68. Notificacións e recursos

1. Notificacións

- a) Toda providencia ou resolución que afecte aos interesados no procedemento disciplinario regulado no presente Regulamento será notificada a aqueles no prazo máis breve posible, co limite máximo de dez días hábiles, mediante oficio, carta, telegrama, burofax, ou calquera outro medio que permita ter constancia da súa recepción, dirixíndose ao domicilio persoal ou social daqueles ou ao que, a estes efectos, houberen sinalado.
 - b) As notificacións deberán conter o texto integro da resolución ou acordo, coa indicación de se é ou non definitiva, con expresión dos recursos que procedan, do órgano ante o que teñan de formalizarse e do prazo para interpos.los.
 - c) Con independencia da notificación persoal, poderá acordarse a comunicación pública das resolucións sancionadas, respectando o dereito á honra e a intimidade das persoas conforme á legalidade vixente.
 - d) As resolucións sancionadoras dos diferentes comités, poderán ser publicadas unha vez sexan notificadas aos interesados.
9. No entanto, as providencias e resolucións non producirán efectos para os interesados ata a súa notificación persoal.

2. Recursos

- a) As resolucións disciplinarias ditadas en primeira instancia e por calquera procedemento polos órganos competentes poderán ser recorridas no prazo máximo de dez días hábiles ante a organización que proceda.
- b) Os escritos en que se formalicen reclamacións ou recursos deberán conter:
 - O nome e apelidos da persoa física ou denominación social dos entes asociativos interesados, con expresión, no seu caso, do nome e apelidos do seu representante.
 - As alegacións que estimen pertinentes, así como as proposicións de proba que ofrezan en relación con aquelas e os razoamentos e preceptos en que baseen ou fundamenten as súas pretensións.
 - As pretensións que deduzan de tales alegacións, razoamentos e preceptos.
- c) As peticións ou reclamacións expostas ante os órganos disciplinarios federativos deberán resolverse de xeito expresa no prazo non superior a quince días hábiles. Transcorrido devandito prazo entenderanse desestimadas.
- d) O prazo para formular recursos ou reclamacións contase a partir do día seguinte hábil ao da notificación da resolución ou providencia, se esta se expresa. Se non o fose, o prazo será de quince días hábiles, a



contar desde o seguinte ao que deban entenderse desestimadas as peticións, reclamacións ou recursos conforme ao disposto nos artigos 67.11 e 68.2.a) do presente Regulamento.

A resolución dun recurso confirmará, revogará ou modificará a decisión recorrida, non podendo, en caso de modificación, derivarse maior perxuicio para o interesado, cando este sexa o único recorrente. Se o órgano competente para resolver estimase a existencia de vicio formal, poderá ordenar a retroacción do procedemento ata o momento en que se produciu a irregularidade, con indicación expresa de formula para resolvela.

A resolución expresa dos recursos deberá producirse nun prazo non superior a trinta días. En todo caso, e sen que iso supoña a exención do deber de ditar resolución expresa, transcorridos trinta días hábiles sen que se dite e notifique a resolución do recurso interposto, entenderase que este foi desestimado, quedando expedita a vía procedente.